

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

SERVIZO DE ATENCIÓN TÉCNICA DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO AUDITORIO DE GALICIA

Expediente: 2024/C004/000001

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

“Artigo 28. Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1. As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.”

O presente contrato pretende dotar ao Auditorio de Galicia de servizos auxiliares para a realización das actividades culturais que ten encomenda realizar. Estes servizos teñen un alto nivel de especialización, trátase de servizos que requiren un coñecemento especializado da maquinaria escénica, dos seus recursos e do seu manexo. Polo tanto, considéranse estes servizos como esenciais.

Inclúense no cálculo o aumento de 1.500 horas anuais destinadas á montaxe e desmontaxe de ensaios e concertos e transporte de instrumentos da Banda Municipal de Municipal de Música.

O Auditorio de Galicia non conta no seu cadro de persoal con efectivos que poidan desenvolver estes servizos, a súa estrutura orgánica non está composta por unidades técnicas destas características. Polo tanto sen desenvolver esta contratación o Auditorio de Galicia non podería desenvolver as tarefas que ten encomendadas estatutariamente, polo tanto enténdese que a contratación está debidamente xustificada ao non contar cos medios propios que garantan unha realización técnica profesional das actividades culturais.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor propoñente: Auditorio de Galicia

Persoa responsable do seguimento: Director-xerente do Auditorio de Galicia.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente contratación por parte do Auditorio de Galicia é o da prestación de servizos de atención técnica necesarios para a execución de actividades culturais no Auditorio de Galicia, o Teatro Principal, a Zona C e en calquera espazo onde realice actividade cultural o Auditorio de Galicia.

3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

O procedemento de licitación escollido é o procedemento aberto de acordo co sinalado no artigo 131 da LCSP. Elíxense os seguintes criterios de adxudicación:

- Criterios de adxudicación:

A. Avaliables mediante xuízo de valor (30 puntos)

- 1. Proposta de Plan operativo de realización dos servizos (20 puntos).** Deberá describir as accións que se realizará cada un dos membros da equipa proposta na realización dos posibles servizos habituais para a atención técnica das actividades realizadas polo Auditorio de Galicia. Tamén deberá explicitar a operativa de coordinación co Auditorio de Galicia. Valorarase a calidade da mellor proposta entendida como aquela que presenta unha maior cohesión, coherencia e detalle dos contidos así como a adecuación ás normas vixentes nas operativas de montaxe de traballos e á adecuación da operativa ás actividades comunmente realizadas. En cada apartado obterá a maior puntuación a proposta de maior calidade técnica, puntuándose as restantes ofertas de xeito decrecente.

O documento terá que ter unha extensión máxima de 20 páxinas. Deberá conter as seguintes partes:

1.a) Descrición da proposta **de operativa de coordinación co Auditorio de Galicia**. Deberá especificar os responsables, os medios e canles utilizadas, as ferramentas e a documentación que se xerará e intercambiará. Deberá ter en conta que a operativa de coordinación deberá ter dúas fases (10 puntos):

1. Previa (organización e previsión de efectivos para eventos)
2. Durante o evento (desenvolvemento do evento e posibles resolucións de incidencias)



1.b) Descrición da **proposta de operativa de acollemento de compañías artísticas**, coordinación de montaxes, implantación das mesmas e operativa de atención a incidencias en tres diferentes escenarios (10 puntos):

- a) Actividade no Teatro Principal
- b) Actividade no Auditorio de Galicia
- c) Actividade de rúa ou espazo singular

Avaliarase a coherencia e detalle da documentación, así como a viabilidade das operativas propostas desde unha perspectiva técnica tendo en conta a natureza das actividades a realizar e os espazos escénicos propostos. O órgano de valoración deberá aplicar de xeito motivado a puntuación de calidade da proposta mediante a aplicación da seguinte matriz de valoración, cunha ponderación igualitaria para cada ítem a valorar, isto é o 25% dos puntos do criterio a valorar:

Ítems a valorar de cada criterio	Proposta nada axeitada (máximo 25% da puntuación do ítem a valorar)	Proposta pouco axeitada (máximo 50 % da puntuación do ítem a valorar)	Proposta axeitada (máximo 75% da puntuación do ítem a valorar)	Proposta moi axeitada (máximo 100% da puntuación do ítem a valorar)
Coherencia e detalle da documentación da proposta de operativa de coordinación (25%)				
Viabilidade da proposta de operativa de coordinación (25%)				
Coherencia e detalle da documentación da proposta de operativa de acollemento de compañías artísticas (25%)				
Viabilidade da operativa de				



acollemento de compañías artísticas (25%)				
---	--	--	--	--

2. **Plan de formación específica ao equipo (10 puntos).** Deberá incluír a formación específica proposta polo/a licitador/a en materias relacionadas co desenvolvemento do servizo. Detallará o número da formación anual proposta, os seus contidos e número de horas dedicadas. O documento terá que ter unha extensión máxima de 10 páxinas

Avaliarase a calidade e coherencia e detalle dos contidos, así como a idoneidade para a mellora na calidade dos servizos a prestar. O órgano de valoración deberá aplicar de xeito motivado a puntuación de calidade da proposta mediante a aplicación da seguinte matriz de valoración, cunha ponderación igualitaria para cada ítem a valorar, isto é o 50% dos puntos do criterio a valorar:

Ítems a valorar de cada criterio	Proposta nada axeitada (máximo 25% da puntuación do ítem a valorar)	Proposta pouco axeitada (máximo 50 % da puntuación do ítem a valorar)	Proposta axeitada (máximo 75% da puntuación do ítem a valorar)	Proposta moi axeitada (máximo 100% da puntuación do ítem a valorar)
Coherencia e detalle da documentación do plan de formación (50%)				
Idoneidade para a mellora na calidade dos servizos a prestar (50%)				

En aplicación do disposto no artigo 146.3 da LCSP establécese un limiar mínimo de puntuación de 15 puntos nesta primeira fase de valoración. As ofertas cunha puntuación inferior consideraranse como de calidade técnica inadecuada e serán excluídas da licitación

B. Avaliables mediante fórmulas (70 puntos).

Redáctanse estes criterios de adxudicación segundo o expresado no artigo 145.2.2.º da LCSP.

1. Mellor oferta económica (50 puntos).

Valoraranse unicamente as ofertas económicas definitivamente admitidas pola mesa de contratación e non se terán en conta as ofertas económicas dos licitadores que sexan excluídos, incluso aqueles cuxas ofertas económicas foron definitivamente cualificadas como anormalmente baixas e, consecuentemente, foron desestimadas previamente.

Puntuación máxima das ofertas económicas sobre os prezos/hora dos servizos ponderados segundo o volume estimado de horas anuais necesarias de cada un dos servizos dos servizos:

Para o cálculo da oferta económica terase en conta a Base Impoñible do prezo/hora da oferta achegada por cada candidato/a e do orzamento de licitación por cada servizo, seguindo a seguinte puntuación:

1.1 Mellor oferta prezo/hora sobre servizo de coordinación técnica (7 puntos):

Avaliarase a baixa sobre o prezo de licitación, empregando a seguinte fórmula:

$$OE_{med} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} OE_i}{n}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OBL - OE_i}{OBL - OE_{med}} \cdot 0,75 \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{med} \leq OE_i \leq OBL \\ \left(\frac{OE_{med} - OE_i}{OE_{med} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{med} \\ \left(\frac{LT - OE_i}{LT - OE_{min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{min} \leq OE_i < LT \quad \text{e} \quad OE_{min} < LT \end{cases}$$

Definicións:

POE_{max} : puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación.

POE_i : puntuación da oferta económica do licitador i .

OE_i : oferta económica do licitador i .

OBL: Orzamento base de licitación.

OE_{min}: oferta económica máis baixa das admitidas definitivamente.

OE_{med}: oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente.

n: número de ofertas económicas admitidas definitivamente.

Xustificación da fórmula: o uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

1.2 Mellor oferta sobre o prezo/hora do servizo especializado de manexo, montaxe de maquinaria e equipamentos escénicos e audiovisuais (35 puntos):

Avaliarase a baixa sobre o prezo de licitación, empregando a seguinte fórmula:

$$OE_{med} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} OE_i}{n}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OBL - OE_i}{OBL - OE_{med}} \cdot 0,75 \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{med} \leq OE_i \leq OBL \\ \left(\frac{OE_{med} - OE_i}{OE_{med} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{med} \\ \left(\frac{LT - OE_i}{LT - OE_{min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{min} \leq OE_i < LT \quad \text{e} \quad OE_{min} < LT \end{cases}$$

Definicións:

POE_{max}: puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación.

POE_i: puntuación da oferta económica do licitador *i*.

OE_i: oferta económica do licitador *i*.

OBL: Orzamento base de licitación.

OE_{min}: oferta económica máis baixa das admitidas definitivamente.

OE_{med}: oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente.

n : número de ofertas económicas admitidas definitivamente.

Xustificación da fórmula: o uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

1.3 Mellor oferta sobre o prezo/hora do servizo non especializado montaxe e transporte (8 puntos):

Avaliarase a baixa sobre o prezo de licitación, empregando a seguinte fórmula:

$$OE_{med} = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} OE_i}{n}$$

A puntuación das ofertas económicas de cada licitador definitivamente admitidas calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$POE_i = \begin{cases} \frac{OBL - OE_i}{OBL - OE_{med}} \cdot 0,75 \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{med} \leq OE_i \leq OBL \\ \left(\frac{OE_{med} - OE_i}{OE_{med} - LT} \cdot 0,20 + 0,75 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } LT \leq OE_i < OE_{med} \\ \left(\frac{LT - OE_i}{LT - OE_{min}} \cdot 0,05 + 0,95 \right) \cdot POE_{max} & \text{se } OE_{min} \leq OE_i < LT \quad \text{e} \quad OE_{min} < LT \end{cases}$$

Definicións:

POE_{max} : puntuación máxima das ofertas económicas prevista para a licitación.

POE_i : puntuación da oferta económica do licitador i .

OE_i : oferta económica do licitador i .

OBL : Orzamento base de licitación.

OE_{min} : oferta económica máis baixa das admitidas definitivamente.

OE_{med} : oferta económica media das ofertas económicas admitidas definitivamente.

n : número de ofertas económicas admitidas definitivamente.

Xustificación da fórmula: o uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

Para a determinación das ofertas incursas en presunción de anormalidade utilizaranse os criterios e o procedemento que se establecen a continuación.

Consideraranse, en principio, anormalmente baixas as ofertas:

Cando o importe ofertado de calquera dos prezos/hora, sexa inferior en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No caso de presentarse unha soa oferta, considerarase esta porcentaxe sobre o orzamento de licitación correspondente. Seguindo a seguinte fórmula:

Se $BO_i > BM + 10 \rightarrow OE_i$ é anormal ou desproporcionada

Sendo:

BM = baixa media.

BO_i = baixa da oferta.

OE_i = oferta económica.

A baixa da oferta (BO_i) calcularase coa seguinte fórmula:

$$BO_i = \left(1 - \frac{OE_i}{PL}\right) \cdot 100$$

Sendo:

BO_i = baixa da oferta.

OE_i = oferta económica.

PL = orzamento base de licitación.

A baixa media (BM) calcularase coa seguinte fórmula:

$$BM = \frac{\sum_{i=1}^{i=n} BO_i}{n}$$

Sendo:

BM = baixa media.

BO_i = baixa da oferta.

n = número de licitadores non excluídos despois da apertura das ofertas económicas.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa, deberá requirirse ao licitador que a presentou para que xustifique e desagregue razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos ou dos custos mediante a presentación daquela



información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos. Concretamente deberá xustificar o aforro que permita a prestación dos servizos, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a innovación e orixinalidade das solucións propostas para prestar os servizos, o respecto das obrigas que resulten aplicables en materia social ou laboral, ou a posible obtención dunha axuda do estado, de acordo co establecido no artigo 149.4 da LCSP.

O órgano de contratación rexeitará en todo caso as ofertas cando comprobe que son anormalmente baixas por vulnerar a normativa sobre subcontratación ou non cumprir as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes e normas laborais vixentes a aplicar de acordo co establecido no artigo 149.4 da LCSP.

4.- DIVISIÓN POR LOTES

NON: X

Non procede a división en lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Ademais, dada a natureza do obxecto do contrato, a necesidade da coordinación da execución das diferentes prestacións veríase seriamente imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Carácter xeral levaranse a cabo os seguintes traballos:

- Producción de eventos, entendido como a organización previa de todas as tarefas precisas no aspecto técnico para a correcta realización das actividades culturais programadas polo Auditorio de Galicia.
- Montaxe e desmontaxe de espectáculos.
- Control dos equipos que conforman o equipamento técnico dos espazos escénicos:
 - Pano cortalumes.
 - Maquinaria escénica, tremoia e iluminación escénica.
 - Son e comunicacións.
 - Plataformas elevadoras.
- Manexo de plataformas elevadoras.
- Transporte de material e de instrumentos musicais.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: NON

7.- NOMENCLATURA (CPV)

- 45255400-3: *Traballos de montaxe.*
- 51313000-9: *Servizos de instalación de equipos de son.*
- 51314000-6: *Servizos de instalación de equipos de vídeo.*
- 71318100-1: *Servizos de luminotecnia e de iluminación natural.*
- 63100000-0: *Servizos de carga, descarga e almacenamento.*

8. PARTIDA ORZAMENTARIA

Partida orzamentaria: 33400 22799 OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESIONAIS

Existencia de cofinanciación

NON: X

9.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Atendendo á estimación dos custes realizada na memoria económica, establécese o seguinte orzamento de licitación:

Orzamento sen IVE 502.906,40 euros.

IVE 105.610,34 euros.

TOTAL 608.516,74.euros.

A facturación realizarase polo importe resultante das horas mensuais realizadas polos servizos que se detallan a seguir. Estes servizos serán facturados no seu momento consonte o prezo/hora establecido na adxudicación.

Establécese como prezo máximo unitario por hora e por servizo sen distinción entre laborable, domingo, festivo ou nocturno as seguintes contías:

	Coordinación técnica	Servizo especializado	Servizo non especializado
ORZAMENTO HORA SERVIZO	27,06 €	21,53 €	17,93 €
IVE	5,68 €	4,52 €	3,77 €
ORZAMENTO HORA SERVIZO	32,74 €	26,05 €	21,70 €



CON IVE			
---------	--	--	--

A contía final do prezo por hora destes servizos virá fixada pola oferta que presente a empresa licitadora. Deberanse presentar propostas á baixa sobre as contías indicadas.

Tendo en conta as posibles prórrogas establécese o seguinte valor estimado do contrato:

- Valor estimado dos servizos (2 anos): 502.906,40 €.
- Valor estimado da/s prórroga/s (1 ano+1 ano): 502.906,40 €.
- Importe máximo das modificacións do contrato previstas nos PCAP: 0 euros.
- TOTAL do valor estimado: 1.005.812,80 € euros.

Segundo o establecido no artigo 22 da LCSP o presente contrato cualifícase como de regulación harmonizada.

Tendo a previsión de inicio do contrato en maio de 2024 a estimación sería a seguinte para as 2 anualidades do contrato.

Tamén se ten en conta que ao tratarse dun gasto plurianual e a efectos dunha correcta imputación orzamentaria en función dos principios de legalidade e devengo, cuantifícase o gasto imputable a cada exercicio no intre e anualidade da súa adxudicación polo período comprendido entre a data do inicio do contrato e o mes de novembro dese ano incluído. As restantes anualidades, o importe será o comprendido entre o mes de decembro do exercicio anterior e o mes de novembro de cada anualidade, ambos inclusive.

	2024 (Maio- Novembro)	2025 (Dec 24- Nov 25)	2026 (Dec 25-Abril 26)	TOTAL
BASE	146.681,03 €	251.453,20 €	104.772,17 €	502.906,40 €
IVE	30.803,02 €	52.805,17 €	22.002,15 €	105.610,34 €
TOTAL	177.484,05 €	304.258,37 €	126.774,32 €	608.516,74 €

O financiamento do gasto correspondente aos exercicios posteriores ao corrente subordínase á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Auditorio para cada exercicio

(artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

10.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

Prazo total de execución: 2 anos

Prórroga/s:

X SI: 2 anos (prorrogables anualmente, 1 ano+ 1 ano). O cálculo do valor estimado do contrato inclúe as dúas posibles prórrogas.

Lugar de execución: Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela,

O Director-xerente do Auditorio de Galicia

Xaquín López González